

ACORDO

APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DE CONTRATACIÓN DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EU RURAL

ANTECEDENTES

A publicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), ten como causa fundamental a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión e da Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública, ambas do 26 de febreiro de 2014.

Como entidade integrante do Sector Público, a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (en diante, GDR14) atópase sometida á LCSP na súa condición de poder adxudicador que non ten a condición de Administración Pública (en diante, PANAP), de conformidade co ámbito subxectivo de aplicación que establece o artigo 3 da LCSP, na medida en que o GDR14 é un ente asociativo sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, que habendo resultado seleccionado como Grupo de Acción Local, aplica varios programas, cofinanciados por administracións territoriais, en virtude de convenios de asignación de fondos europeos, e/ou públicos nacionais, xa sexan estatais, autonómicos ou locais, de tal xeito que maioritariamente financian a súa actividade total ou parcial en máis dun 50%, aínda que a súa representación nos órganos asociativos sexa inferior ao 50%.

En concreto, en data 6 de outubro de 2023 a Axencia de Turismo de Galicia e o GDR14 formalizan un Convenio de Colaboración para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (en diante, PSTD) do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño, denominado “A Despensa de Galicia”, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en diante, MMR), así como a dotación do importe necesario para a súa execución, en concepto de subvención, por importe de 1.500.000,00 euros, resultando o GDR14 entidade beneficiaria. Así, en atención ao clausulado do citado Convenio, corresponde ao GDR14, na súa condición de ente xestor do PSTD “A Despensa de Galicia”, participar como ente decisor nas operacións e actuacións correspondentes, na medida en que deberá, de ser o caso, licitar os contratos, que a súa vez se suxeitarán á LCSP atendendo á súa condición de PANAP, e así mesmo deberá, de ser o caso, actuar como órgano competente para a concesión de subvencións, que a súa vez se suxeitarán ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en diante, LSG), polo que, en consecuencia, deberá dispoñer dun plan antifraude, en atención ao disposto no artigo 6 da Orde

HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por outra parte, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, define aos decisores das operacións como as persoas que realicen as seguintes funcións, ou asimilables, e aínda cando non rexa no seu funcionamento pola LCSP e pola LXS: co efecto da celebración de contratos, o órgano de contratación unipersoal e os membros do órgano de contratación Colexiado, así como os membros do órgano Colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos, nas fases de valoración de ofertas, de proposta de adxudicación e de adxudicación de contratos; e co efecto da concesión de subvencións, o órgano competente para a concesión de subvencións e os membros do órgano Colexiado de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e de resolución de concesión.

No Título I do Libro III da LCSP (artigos 316 a 320) recóllese a regulación dos contratos de PANAP, sendo unha das súas principais novidades a supresión da obrigatoriedade de establecer instrucións internas de contratación e establecéndose a regulación que lles resulta aplicable. Con todo, dita cuestión non supón impedimento para que de forma voluntaria se considere oportuna a aprobación dunhas normas, con efectos organizativos e internos, que especialmente regulen o relativo á preparación dos contratos e a todas aquelas cuestións que teñan que ver coas opcións que a LCSP deixa en mans dos PANAP. No caso concreto do PSTD do “A Despensa de Galicia”, na medida en que será de aplicación ao persoal e órganos internos do GDR14 as disposicións relativas á análise do risco de conflito de interese e que será preceptiva a disposición dun plan antifraude, en suxeición ao cumprimento da normativa de aplicación, resulta necesaria a aclaración a nivel interno que órganos e/ou persoas exercen as distintas funcións en cada fase do procedemento e, así mesmo, a identificación das persoas que teñan a condición de decisoras das operacións, regulando tales cuestións nunhas instrucións internas que desenvolvan as funcións conferidas polos Estatutos do GDR14 aos seus órganos.

Sendo o anteriormente exposto a finalidade das normas internas de contratación, que se achegan como anexo ao presente,

ACORDO

Primeiro. Aprobar o Regulamento Interno de Contratación da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, que se xuntan ao presente acordo, como parte integrante do mesmo.

As presentes NIC entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Asamblea Xeral Extraordinaria da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural e poderán ser modificadas, de conformidade co disposto nos Estatutos da entidade respecto da aprobación de modificación das normas e regulamentos de réxime interno, cando sexa procedente e, en especial, cando o seu contido quede afectado por modificacións e actualizacións da normativa que é de aplicación.

Segundo. Trasladar o presente Acordo á Xunta Directiva e á Asamblea Xeral Extraordinaria da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, nas vindeiras xuntanzas que se celebren respectivamente, para de conformidade cos Estatutos da Entidade, se proceda coa subscrición das normas internas de referencia, mediante a correspondente Proposta da Xunta Directiva para a adopción do Acordo pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

A Presidenta,
Dna. Sandra González Álvarez

En Mos, a 3 de xaneiro de 2024

REGULAMENTO INTERNO DE CONTRATACIÓN ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EU RURAL

ANTECEDENTES

A publicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), ten como causa fundamental a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión e da Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública, ambas do 26 de febreiro de 2014.

Como entidade integrante do Sector Público, a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (en diante, GDR14) atópase sometida á LCSP na súa condición de poder adxudicador que non ten a condición de Administración Pública (en diante, PANAP), de conformidade co ámbito subxectivo de aplicación que establece o artigo 3 da LCSP, na medida en que o GDR14 é un ente asociativo sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, que habendo resultado seleccionado como Grupo de Acción Local, aplica varios programas, cofinanciados por administracións territoriais, en virtude de convenios de asignación de fondos europeos, e/ou públicos nacionais, xa sexan estatais, autonómicos ou locais, de tal xeito que maioritariamente financian a súa actividade total ou parcial en máis dun 50%, aínda que a súa representación nos órganos asociativos sexa inferior ao 50%.

En concreto, en data 6 de outubro de 2023 a Axencia de Turismo de Galicia e o GDR14 formalizan un Convenio de Colaboración para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (en diante, PSTD) do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño, denominado “A Despensa de Galicia”, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en diante, MMR), así como a dotación do importe necesario para a súa execución, en concepto de subvención, por importe de 1.500.000,00 euros, resultando o GDR14 entidade beneficiaria. Así, en atención ao clausulado do citado Convenio, corresponde ao GDR14, na súa condición de ente xestor do PSTD “A Despensa de Galicia”, participará como ente decisor nas operacións e actuacións correspondentes, na medida en que deberá, de ser o caso, licitar os contratos, que a súa vez se suxeitarán á LCSP atendendo á súa condición de PANAP, e así mesmo deberá, de ser o caso, actuar como órgano competente para a concesión de subvencións, que a súa vez se suxeitarán ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en diante, LSG), polo que, en consecuencia, deberá dispoñer dun plan antifraude, en atención ao disposto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por outra parte, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, define aos decisores das operacións como as persoas que realicen as seguintes funcións, ou asimilables, e aínda cando non rexa no seu funcionamento pola LCSP e pola LXS: co efecto da

celebración de contratos, o órgano de contratación unipersoal e os membros do órgano de contratación colexiado, así como os membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos, nas fases de valoración de ofertas, de proposta de adjudicación e de adjudicación de contratos; e co efecto da concesión de subvencións, o órgano competente para a concesión de subvencións e os membros do órgano colexiado de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e de resolución de concesión.

No Título I do Libro III da LCSP (artigos 316 a 320) recóllese a regulación dos contratos de PANAP, sendo unha das súas principais novidades a supresión da obrigatoriedade de establecer instrucións internas de contratación e establecéndose a regulación que lles resulta aplicable. Con todo, dita cuestión non supón impedimento para que de forma voluntaria se considere oportuna a aprobación dunhas normas, con efectos organizativos e internos, que especialmente regulen o relativo á preparación dos contratos e a todas aquelas cuestións que teñan que ver coas opcións que a LCSP deixa en mans dos PANAP. No caso concreto do PSTD do “A Despena de Galicia”, na medida en que será de aplicación ao persoal e órganos internos do GDR14 as disposicións relativas á análise do risco de conflito de interese e que será preceptiva a disposición dun plan antifraude, en suxeición ao cumprimento da normativa de aplicación, resulta necesaria a aclaración a nivel interno que órganos e/ou persoas exercen as distintas funcións en cada fase do procedemento e, así mesmo, a identificación das persoas que teñan a condición de decisoras das operacións, regulando tales cuestións nunhas instrucións internas que desenvolvan as funcións conferidas polos Estatutos do GDR14 aos seus órganos.

Sendo o anteriormente exposto a finalidade das presentes normas internas de contratación, que se desenvolven a continuación.

CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e alcance

O obxecto das presentes Normas Internas de Contratación (en diante, NIC) é regular, co efecto meramente organizativo e interno, os procedementos de contratación do GDR14, con especial atención aos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, respecto da preparación dos contratos e aquelas cuestións que teñan que ver coas opcións que a LCSP deixa en mans dos PANAP, coa finalidade de garantir a seguridade xurídica na actuación e tramitación deste tipo de contratos, a efectividade dos principios que determina a LCSP, así como que os contratos son adjudicados aos licitadores que presenten a mellor oferta.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, o obxecto das presentes NIC é así mesmo garantir o cumprimento da normativa de aplicación ás entidades decisoras nas operacións e actuacións que se executen no marco do citado plan, con cargo a Fondos Europeos procedentes do MMR.

O contido das presentes NIC non será oponible fronte a terceiros licitadores e en ningún caso poderá desprazar a aplicación obrigatoria polo GDR14 dos preceptos da LCSP que, conforme ao réxime xurídico que dita norma contén respecto aos PANAP, resulten de aplicación.

As presentes NIC teñen o carácter de documento interno da entidade e unicamente son vinculantes para o seu persoal e os seus órganos, unha vez aprobadas polo órgano competente, de conformidade co disposto nos Estatutos do GDR14 respecto da proposta e aprobación de normas regulamentarias de réxime interno.

Artigo 2. Principios

A adxudicación dos contratos que, dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC, celebre o GDR14 estará sometida, de conformidade co establecido no artigo 1 da LCSP, aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos, mediante a esixencia da definición previa das necesidades para satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, a adxudicación dos contratos estará así mesmo sometida, de conformidade co establecido no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021, aos estándares mínimos a respecto dos principios e criterios específicos de obrigatoria consideración na execución das compoñentes do PRTR, en concreto, a suxeición das actuacións a fitos e obxectivos e aplicación do etiquetado verde e dixital, a suxeición das actuacións ao principio de «non causar dano significativo» (do no significant harm, DNSH), á análise do risco de conflito de interese nos procedementos e adopción de mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude e a corrupción, así como o cumprimento das obrigas relativas á identificación dos perceptores finais dos fondos (beneficiarios das axudas, contratistas e subcontratistas), das obrigas relativas á comunicación e das obrigas relativas á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento. Respecto da análise do risco de conflito de interese na adxudicación de contratos, resultará de aplicación a Orde HFP/55/2023, no que atinxe a definición de persoas que actúen como decisoras das operacións, en concreto, o órgano de contratación unipersoal e os membros do órgano de contratación colexiado, así como os membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos, nas fases de valoración de ofertas, de proposta de adxudicación e de adxudicación.

Igualmente, respecto da adopción de mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude e a corrupción nos procedementos de adxudicación dos contratos, conforme ao artigo 64 da LCSP, constitúe obrigación dos órganos de contratación a adopción das medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación, a fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir os principios que rexen a contratación pública, entendendo que existe conflito de interese de producirse calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación que participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, posúa directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese chegar a comprometer a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación, constituíndo obriga do persoal da entidade que teña coñecemento

dun posible conflito de interese poñer inmediatamente dita circunstancia en coñecemento do órgano de contratación.

Artigo 3. Marco legal das contratacións

Na medida en que resulta de aplicación ao GDR14 o disposto na LCSP, na súa condición de PANAP, e no caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, resulta de aplicación tanto a LCSP como o Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR (en diante, RDL 36/2020), ás contratacións que se celebren, en función do seu obxecto e valor estimado (IVE excluído), que lles será de aplicación o marco legal e procedementos de contratación que se indican a continuación,

- Contratos de subministracións, servizos e obras suxeitos a regulación harmonizada (SARA): de acordo co artigo 317 da LCSP, a preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada (obras con valor estimado igual ou superior a 5.538.000,00 €, IVE non incluído, e servizos e subministracións con valor estimado igual ou superior a 221.000,00 €, IVE non incluído) rexeranse polas normas das seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro II da presente Lei.
- Contratos de subministracións, servizos e obras non suxeitos a regulación harmonizada: serán de aplicación as seguintes disposicións, atendendo ao seu valor estimado,
 - Contratos de obras con valor estimado entre 40.000,00 € e inferior a 5.538.000,00 €, IVE non incluído, e contratos de servizos e subministracións con valor estimado entre 15.000,00 € e inferior a 221.000,00 €, IVE non incluído: rexeranse na súa preparación polas presentes NIC e na súa adxudicación, de acordo co artigo 318 da LCSP, por calquera dos procedementos previstos na Sección 2ª do Capítulo I do Título I do Libro II da presente Lei, con excepción do procedemento negociado sen publicidade, que unicamente se poderá utilizar nos casos previstos no artigo 168.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, de acordo co artigo 51 do RDL 36/2020, os contratos de obras de valor estimado inferior a 200.000,00 €, IVE non incluído, e os contratos de subministracións e servizos de valor estimado inferior a 100.000,00 €, IVE non incluído, que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, exceptuando os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, poderá ser de aplicación a tramitación prevista no apartado 6 do artigo 159 da LCSP.

Igualmente, de acordo co artigo 52 do RDL 36/2020, os contratos non suxeitos a regulación harmonizada que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, sempre e cando entre os criterios de adxudicación previstos non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, exceptuando os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, nos que a súa ponderación non poderá superar o corenta e

cinco por cento do total, o órgano de contratación poderá acordar a aplicación da tramitación prevista nos apartados 1 a 5 do artigo 159 da LCSP.

- Contratos de obras con valor estimado inferior a 40.000,00 €, IVE non incluído, e contratos de servizos e subministracións con valor estimado inferior a 15.000,00 €, IVE non incluído: rexeranse na súa preparación polas presentes NIC e na súa adxudicación, con carácter xeral, de acordo cos artigos 118 e 131 da LCSP, directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato.

Artigo 4. Natureza, réxime xurídico dos contratos e xurisdición competente

Os contratos que dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC celebre o GDR14 terán a consideración de contratos privados, de acordo co artigo 26.3 da LCSP.

O réxime xurídico aplicable a efectos da preparación e adxudicación destes contratos será o disposto no Título I do Libro III da LCSP. En cando aos efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo Dereito privado e por aquelas normas ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 da LCSP, en concreto, en materia ambiental, social ou laboral, será de aplicación o artigo 201 da LCSP, respecto das condicións especiais de execución, será de aplicación o artigo 202 da LCSP, na modificación dos contratos, serán de aplicación os artigos 203 a 205 da LCSP, respecto de cesión e subcontratación, serán de aplicación os artigos 214 a 217 da LCSP, de racionalización técnica da contratación, serán de aplicación os artigos 218 a 228 da LCSP, no que atinxe as condicións de pago, serán de aplicación os artigos 198.4, 210.4 e 243.1 da LCSP, e respecto da causa de resolución do contrato regulada no artigo 211 da LCSP, referida á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205 da LCSP.

A orde xurisdicional contencioso administrativa será a competente para resolver as controversias que se susciten respecto á preparación, adxudicación e modificacións dos contratos celebrados polo GDR14, cando a impugnación destas últimas se base no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, sempre que se entenda que dita modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación do contrato, de acordo co establecido no artigo 27.1.c) da LCSP. Por outra parte, será a orde xurisdicional civil a competente para resolver as controversias que se susciten en relación cos efectos e extinción dos devanditos contratos, de acordo co establecido no artigo 27.2.a) da LCSP.

Artigo 5. Publicidade das contratacións

As contratacións que dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC celebre o GDR14, na medida en que están sometidas á LCSP, rexeranse polo establecido na mesma respecto das obrigas de publicidade, de acordo co establecido no artigo 63 da LCSP.

O GDR14 ten aloxado o seu perfil do contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, en cuxo perfil se publicará toda a información, respecto das contratacións, requirida no artigo 63 da

LCSP, podendo acceder ao mesmo mediante unha ligazón na páxina web da entidade <https://eurural.gal/> e, así mesmo, en: <https://www.contratosdegalicia.gal/consultaPerfil>.

Artigo 6. Órganos de contratación e competencias

Aos efectos dos contratos que dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC celebre o GDR14, son órganos de contratación os seguintes,

- Xunta Directiva: constitúe o órgano de contratación principal da entidade, con competencia para a celebración de calquera contrato sometido á LCSP sen limitación de contía, sen prexuízo das facultades de delegación da mesma a favor da Presidencia que a tal efecto se establezan.
- Presidencia: constitúe, por delegación da Xunta Directiva, e en aras dunha maior axilidade e eficiencia na tramitación, o órgano de contratación para a licitación de contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 5.538.000,00 €, IVE excluído, así coma os contratos de subministracións e servizos cuxo valor inferior a 221.000,00 €, IVE excluído.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, o citado órgano de contratación unipersoal, así coma os membros do órgano colexiado de contratación, terán a condición de decisores das operacións, de conformidade co disposto na Orde HFP/55/2023.

Artigo 7. Unidade técnica e responsable do contrato

O persoal técnico director e xestor de proxectos do GDR14 conformará a unidade técnica responsable, co efecto de tramitar, de conformidade á lexislación vixente e ás presentes NIC, as contratacións de obras, subministracións e servizos necesarios, sendo as súas funcións principais as seguintes,

- Elaborar e tramitar a documentación asociada á preparación dos expedientes de contratación, e tramitar e asesorar respecto das incidencias que podan xurdir durante a execución dos contratos.
- Velar polo cumprimento da legalidade vixente en materia de contratación pública e da normativa de aplicación ás entidades decisoras nas operacións e actuacións que se executen no marco do PRTR, así coma das presentes NIC.

O persoal técnico director de proxectos do GDR14 que conforma a citada unidade técnica responsable elaborará a documentación de índole administrativa relativa a preparación dos contratos maiores e menores (memorias xustificativas, pregos administrativos, informes de contratación menor, entre outros). Así mesmo, o persoal director de proxectos do GDR14 que conforma a citada unidade técnica responsable terá a condición de petionario, co efecto da formulación de solicitudes e propostas de contratación, mediante os procedementos definidos en cada situación para as contratacións de obras, subministracións e servizos, de acordo coas presentes NIC e coa lexislación vixente.

Por outra parte, o órgano de contratación designará o perfil de responsable do contrato, podendo ser unha persoa física ou xurídica vinculada ou non á unidade técnica da entidade, co efecto da supervisión da correcta execución dos contratos de obras, subministracións e servizos, de acordo coas presentes NIC e coa lexislación vixente, para o que poderá adoptar decisións, ditar instrucións procedentes e propoñer ao órgano de contratación a adopción de medidas respecto dos efectos e extinción dos contratos (subcontratacións, penalizacións, modificacións, resolucións, prórrogas, entre outras) que se atopen amparadas nos correspondentes pregos e na lexislación vixente. Dito perfil ha de estar capacitado para esixir a correcta execución do contrato, polo que a súa elección deberá ser axeitada, considerando o obxecto do contrato correspondente, e deberá ter os coñecementos necesarios para o exercicio das súas funcións.

Artigo 8. Mesa de contratación

Nos procedementos de contratación que dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC celebre o GDR14, constituirase unha mesa de contratación como órgano colexiado de apoio, asistencia e asesoramento técnico especializado do órgano de contratación, tendo carácter potestativo no caso das contratacións menores, das contratacións mediante procedemento negociado nas que non sexa necesaria a publicación de anuncio de licitación, exceptuando cando dito procedemento se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista no artigo 168.b).1º da LCSP, e das contratacións mediante procedemento aberto súper simplificado, de conformidade co disposto no artigo 159.6 da LCSP, no que a valoración de ofertas se poderá efectuar automaticamente coa colaboración da unidade técnica.

A mesa de contratación ten as funcións que determina o artigo 326.2 da LCSP:

- A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento, previo trámite de requirimento de corrección.
- A valoración das proposicións dos licitadores e, no seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento ao que refire o artigo 149 da LCSP.
- A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP e co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación e, no caso dos procedementos restrinxido, diálogo competitivo, licitación con negociación e asociación para a innovación, a selección dos candidatos, cando conste no prego de cláusulas administrativas particulares delegación do órgano de contratación ao efecto.

Co efecto de verificar o cumprimento dos requisitos esixidos nos pregos, a mesa de contratación poderá solicitar os informes técnicos e de calquera outra natureza que considere necesarios á unidade técnica, á persoa responsable do contrato ou a persoas técnicas expertas independentes, con acreditados coñecementos e/ou experiencia nas materias relacionadas co obxecto do contrato,

de conformidade co previsto no artigo 326.5 da LCSP. De ser o caso, poderá ser designada unha comisión técnica de apoio á mesa de contratación, encargada de elaborar os correspondentes informes técnicos e de calquera outra natureza, ou para o asesoramento con voz, pero sen voto.

Os membros da mesa de contratación serán nomeados por acordo do órgano de contratación, estando composta por un presidente/a, dous vogais e un secretario/a, quedando validamente constituída cando asistan, como mínimo, a persoa que ostente a presidencia, un vogal e a persoa que exerza as funcións de secretaría, e sendo dita composición susceptible de modificación en calquera momento, mediante acordo do órgano de contratación.

O prego de cláusulas administrativas particulares recollerá a composición da mesa de contratación correspondente a cada licitación. Con carácter xeral, ostentará a presidencia da mesa a persoa titular do órgano de contratación ou persoa en quen delegue; desempeñará as labores de secretaría da mesa o persoal director de proxectos da unidade técnica, que actuará ao efecto con voz e sen voto, e levantará as actas das sesións correspondentes. Así mesmo, con carácter xeral actuarán como vogais persoas que teñan atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao asesoramento xurídico e ao control económico orzamentario, correspondendo ditas funcións ao persoal xestor de proxectos da unidade técnica e a persoa que ostente a xerencia da entidade. Con todo, poderá nomearse unha mesa de composición específica para determinadas licitacións, cando a materia, importancia ou especial complexidade da mesma así o requira.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, os membros da mesa de contratación e, de ser o caso, os membros da comisión técnica de apoio á mesa de contratación ou da unidade técnica que, no exercicio das funcións de asesoramento técnico á mesa de contratación ou de colaboración co órgano de contratación, participen nas fases de valoración de ofertas e proposta de adxudicación do procedemento, terán a condición de decisores das operacións, de conformidade co disposto na Orde HFP/55/2023.

Artigo 9. Procedementos de contratación

Para a adxudicación dos contratos, atenderase de xeito obrigado e preferente ao disposto na LCSP e/ou no RDL 36/2020, ás cales remiten expresamente as presentes NIC.

Con carácter xeral e sen prexuízo da posibilidade de adxudicar directamente os contratos menores (contratos de valor estimado, IVE excluído, inferior a 40.000,00 € no caso de obras e de valor estimado, IVE excluído, inferior a 15.000,00 € no caso de subministracións ou servizos), o procedemento preferente a aplicar nas contratacións que celebre o GDR14, será o procedemento aberto nas súas diferentes modalidades.

- Procedemento aberto súper simplificado: aplicarase con carácter xeral aos contratos de obras con valor estimado inferior a 80.000,00 € e aos contratos de subministracións e servizos con valor estimado inferior a 60.000,00 €, e no caso dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, aplicarase aos contratos de obras con valor estimado inferior a 200.000,00 € e aos contratos de subministracións e servizos de valor

estimado inferior a 100.000,00 €, exceptuando en todo caso aqueles que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual.

- Procedemento aberto simplificado: aplicarase con carácter xeral aos contratos de obras con valor estimado igual ou inferior a 2.000.000,00 € e aos contratos de subministracións e servizos de valor estimado igual ou inferior a 221.000,00 €, e no caso dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, aplicarase aos contratos non suxeitos a regulación harmonizada (contratos de obras con valor estimado inferior a 5.538.000,00 € e contratos de subministracións e servizos con valor estimado inferior a 221.000,00 €), sempre e cando, en todo caso, que entre os criterios de adxudicación previstos non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso dos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñería e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total.
- Procedemento aberto ordinario: aplicarase con carácter xeral aos contratos de obras con valor estimado superior a 2.000.000,00 € e aos contratos de subministracións e servizos con valor estimado superior a 221.000,00 €.

Non obstante ao anterior, poderanse aplicar outros procedementos ordinarios, como o restrinxido, de conformidade co disposto nos artigos 160 a 165 da LCSP, ou ben outros procedementos de carácter extraordinario e excepcional previstos na citada Lei, tales como os procedementos negociados previstos nos artigos 166 a 171 da LCSP (licitación con negociación e negociado sen publicidade), a condición de que se acredite a concorrencia dos supostos de aplicación recollidos nos artigos 167 (procedemento de licitación con negociación) e 168 (procedemento negociado sen publicidade), e igualmente sen prexuízo da posibilidade de acudir aos sistemas de racionalización técnica da contratación (acordo marco e sistema dinámico de adquisición, principalmente) regulados na norma de referencia.

Por outra parte, se a celebración do contrato responde a unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na declaración de urxencia que deberá conter o expediente e que permita cualificar a situación de urxencia, sendo neste caso de aplicación o disposto no artigo 119.2.b) da LCSP sobre redución de prazos, en virtude do cal os prazos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, exceptuando os supostos expresamente previstos en dito precepto, entre os que se atopa a aplicación do procedemento aberto simplificado e, en consecuencia, a aplicación do procedemento aberto súper simplificado.

Artigo 10. Aspectos sociais, ambientais e condicións especiais de execución dos contratos

De conformidade co establecido no artigo 1.3 da LCSP, con carácter xeral, nos procedementos de contratación que dentro do ámbito de aplicación das presentes NIC celebre o GDR14 incorporaranse aspectos ambientais e sociais, vinculados ao obxecto do contrato, para a valoración das propostas e a determinación da oferta con mellor relación calidade/prezo.

Co fin de determinar os aspectos sociais e ambientais mais axeitados en cada contrato, en función do obxecto do mesmo, propoñeranse os que se consideren pertinentes na memoria xustificativa correspondente, de conformidade co disposto no artigo 145.2 da LCSP. Por outra parte, e de conformidade co establecido no artigo 202 da LCSP, en todos os expedientes de licitación incorporárase, polo menos, unha condición especial de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou similar.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, en atención ao disposto na Orde HFP/1030/2021 e nas restantes normas e instrucións de aplicación, serán obrigas esenciais do contrato para contratistas e subcontratistas,

- O cumprimento do principio de «non causar dano significativo» (do no significant harm, DNSH).
- O cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e, no seu caso, o cumprimento das condicións relativas ao etiquetado verde e dixital.
- A aceptación da identificación e cesión dos datos correspondentes entre as administracións públicas.
- O cumprimento da normativa ambiental aplicable, en particular os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación, vixente así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.
- O cumprimento das obrigas de publicidade e visibilidade correspondentes, para actuacións que contén con financiamento procedente da UE que a tal efecto se establezan nos pregos.

CAPÍTULO II. FASE DE PREPARACIÓN

Artigo 11. Preparación, inicio e aprobación dos expedientes de contratación

Os expedientes de contratación, excluídos os contratos menores aos que se refire o artigo 118 da LCSP, haberán de ter o contido e seguir a seguinte tramitación que se expón a continuación,

1. Inicio do expediente de contratación

Conforme ao disposto no artigo 116.1 da LCSP, o expediente iniciarase polo órgano de contratación mediante acordo motivado, que quedará reflectido no acordo de inicio do expediente, e que irá acompañado da memoria xustificativa e da proposta de inicio da contratación, formuladas pola persoa directora que conforma a unidade técnica. A citada memoria deberá xustificar a necesidade e idoneidade do contrato e, nos contratos de servizo, a falta ou insuficiencia de medios para a directa realización da prestación, nos termos previstos no artigo 28 da LCSP.

Canto menos, o acordo de inicio de expediente e a memoria xustificativa deberán ser publicados no perfil de contratante xunto co resto de documentación que conforma o expediente e que a continuación se detalla.

A memoria xustificativa incluirá, canto menos, descrición detallada do seguintes apartados,

- Obxecto
- Necesidade e idoneidade do contrato
- Código CPV
- Xustificación, no seu caso, da división en lotes
- Declaración respecto da insuficiencia de medios, só para o caso de contratos de servizos
- Procedemento de contratación e modalidade de tramitación
- Valor estimado e orzamento base de licitación
- Prazo de execución global e, no seu caso, prazos parciais e/ou mención respecto da admisión ou non de prórrogas
- Solvencia técnica/profesional, económico- financeira e, no seu caso, clasificación
- Garantías
- Criterios de adxudicación
- Mención respecto da previsión ou non de modificacións
- Condicións especiais de execución do contrato e, no seu caso, obrigas esenciais
- No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, mención ao financiamento “Next Generation EU” e porcentaxe correspondente respecto do orzamento base de licitación.

2. Contido do expediente de contratación

Iniciado o expediente de contratación, o mesmo conformarase, canto menos, cos seguintes documentos, de acordo co establecido no artigo 116.3 da LCSP,

- Informe ou certificado acreditativo da previsión de gasto suscrito pola persoa que teña atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao control económico da entidade.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) suscrito pola persoa directora que conforma a unidade técnica.
- Informe ou certificado acreditativo do cumprimento das presentes NIC, suscrito pola persoa da unidade técnica que teña atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao asesoramento xurídico da entidade.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) suscrito pola persoa técnica competente ao efecto.
- Acordo de aprobación do expediente suscrito polo órgano de contratación.
- Anuncio de publicación da licitación suscrito polo órgano de contratación.

A esta documentación uniráselle a que resulte esixible segundo o tipo de contrato. En todo caso, nos contratos de obra nos que sexa preceptivo proxecto, este formará parte integrante da documentación do expediente, e de igual xeito, canto menos, o documento acreditativo da aceptación e aprobación do mesmo, xunto coa documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos, titularidade, viabilidade, e de ser o caso, autorizacións sectoriais e supervisión, xunto coa acta ou documento análogo acreditativo da realización da comprobación do reformulo, sendo necesaria a realización dos citados trámites en data anterior á do acordo de aprobación do expediente.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, o órgano de contratación unipersoal ou, de ser o caso, os membros do órgano de contratación colexiado, e así mesmo todas as persoas intervinientes no procedemento, subscribirán unha declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), de conformidade co disposto na Orde HFP/1030/2021.

3. Aprobación do expediente de contratación e apertura do procedemento de adxudicación

Completado o expediente, e previo informe favorable da persoa da unidade técnica que teña atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao asesoramento xurídico da entidade, respecto da correcta aplicación do procedemento, o órgano de contratación acordará a aprobación do mesmo, así coma a apertura do procedemento de adxudicación, mediante a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante. Dito acordo terá así mesmo o efecto da aprobación do gasto, salvo o suposto excepcional de que o orzamento non puidese ser establecido previamente, ou que o acto de delegación establecese o contrario, nese caso deberá solicitarse a aprobación do órgano competente. En todo caso antes da adxudicación do contrato ou simultaneamente a esta, o órgano de contratación deberá aprobar o gasto.

4. Modalidades de tramitación do expediente de contratación

Os expedientes de contratación poderán ser de tramitación ordinaria o urxente. No suposto dos expedientes que se tramiten pola modalidade de urxencia, o expediente deberá conter a correspondente declaración de urxencia do órgano de contratación, que se publicará xunto co resto de documentación. Os expedientes cualificados de urxentes seguirán a mesma tramitación que os ordinarios, coas particularidades e redución de prazos fixados no artigo 119 da LCSP e, no caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, atenderán ao disposto no artigo 50 do RDL 36/2020.

5. Publicidade

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, os documentos que conformen o expediente de contratación deberán dar cumprimento as obrigas esixidas aos entes xestores respecto das medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos que contan con financiamento comunitario, en concreto, incluír a referencia «Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», e incluír os seguintes logos: o emblema da Unión Europea, xunto co texto «Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU»; o logo correspondente ao PRTR dos restantes organismos, nacionais e autonómicos que de ser o caso, cofinancien as operacións, de acordo coas instrucións e normas de aplicación da imaxe de marca dos citados organismos, e coa normativa comunitaria en materia de comunicación.

CAPÍTULO III. ADXUDICACIÓN

Artigo 12. Adxudicación

A adxudicación dos contratos efectuarase de conformidade ao disposto na lexislación vixente (LCSP e RDL 36/2020) que resulte de aplicación e aos procedementos establecidos na mesma, aos cales se remiten expresamente as presentes NIC.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, con carácter previo á adxudicación en atención ao disposto na Orde HFP/1030/2021 e nas restantes normas e instrucións de aplicación, os contratistas e, de ser o caso, subcontratistas, deberán subscribir obrigatoriamente as seguintes declaracións e compromisos, de conformidade co que a tal efecto recolla o PCAP para cada caso,

- Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.A da citada Orde
- Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións no marco do PRTR, co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.B da citada Orde
- Declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións no marco do PRTR, co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.C da citada Orde

Capítulo IV. MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS

Artigo 13. MODIFICACIÓN

Sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión dos prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos celebrados polo GDR14 só poderán ser modificados cando así se previu nos pregos ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 da LCSP. En calquera outro suposto, se fora necesario que a prestación se executase en forma ou condicións distintas á pactada inicialmente, deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións procedentes.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións distintas ás inicialmente contratadas, ou de ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida dar cumprimento a finalidades novas non contempladas inicialmente na documentación preparatoria do mesmo, ou de incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Cando o PCAP contemple expresamente a posibilidade de modificacións, deberá detallar de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderá facerse uso das mesmas, así como o alcance e límite das modificacións que poden acordarse, sen que poida ser o contrato obxecto de modificación por un importe superior ao vinte por cento do prezo inicial.

As modificacións non previstas no PCAP só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 205 da LCSP. A modificación do contrato acordada conforme ao previsto neste apartado non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e a adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

En todo caso, a modificación do contrato só poderá acordarse previa audiencia ao contratista e será aprobada polo órgano de contratación.

Capítulo V. EFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

Artigo 14. Efectos e extinción

Os efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre o GDR14 rexeranse polo dereito privado, coas excepcións que se derivan da LCSP, segundo o establecido no artigo 4 das presentes NIC.

Capítulo VI. CONTRATOS MENORES

Artigo 15. Disposicións xerais

Os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera provedor con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP. Con carácter xeral, o recurso ao contrato menor será excepcional e só se utilizará para atender necesidades puntuais, non periódicas, con duración inferior ao ano, que sexa preciso cubrir de xeito urxente.

Terán a consideración de contratos menores os contratos de obras de valor estimado, IVE excluído, inferior a 40.000,00 €, así como os contratos de subministracións e de servizos de valor estimado, IVE excluído, inferior a 15.000 €. En todo caso, a duración dos contratos menores será inferior a un ano sen posibilidade de prórroga e non resultará necesaria a súa formalización. No caso de contratos de repetición periódica superior ao ano para os que o valor estimado sexa acorde aos limiares establecidos para contratacións menores, deberá acudirse necesariamente a un procedemento que garanta a adecuada publicidade.

Nos contratos menores, a tramitación do expediente esixirá, canto menos, os seguintes documentos,

- Informe ou certificado acreditativo da previsión de gasto suscrito pola persoa que teña atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao control económico da entidade.
- Orzamento correspondente.
- Proposta de inicio da contratación e motivación da necesidade, incorporando, nos contratos de servizo, xustificación da falta ou insuficiencia de medios para a directa realización da prestación, nos termos previstos no artigo 28 da LCSP, suscrita pola persoa directora que conforma a unidade técnica.
- Xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación suscrito polo técnico competente, suscrita pola persoa directora que conforma a unidade técnica.
- Informe respecto da habilitación profesional, da inexistencia de débedas e ausencia de prohibición de contratar, suscrito pola persoa da unidade técnica que teña atribuídas funcións correspondentes ou análogas ao asesoramento xurídico da entidade.

- Acordo de adxudicación, suscrito polo órgano de contratación.
- No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), suscrita polo órgano de contratación e resto de persoas intervinientes no procedemento.

No caso do contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, memoria valorada e orzamento das obras, sen prexuízo de que deba incorporarse o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. De ser o caso, debe incorporarse ao expediente, canto menos, o documento acreditativo da aceptación e aprobación do mesmo, xunto coa documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos, titularidade, viabilidade, e de ser o caso, autorizacións sectoriais e supervisión, xunto coa acta ou documento análogo acreditativo da realización da comprobación do reformulo, sendo necesaria a realización dos citados trámites en data anterior á do acordo de adxudicación do expediente.

No caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, con carácter previo á adxudicación en atención ao disposto na Orde HFP/1030/2021 e nas restantes normas e instrucións de aplicación, os contratistas e, de ser o caso, subcontratistas, deberán subscribir obrigatoriamente as seguintes declaracións e compromisos,

- Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.A da citada Orde
- Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións no marco do PRTR, co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.B da citada Orde
- Declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións no marco do PRTR, co contido e requisitos establecidos no Anexo IV.C da citada Orde

Do mesmo xeito, no caso concreto dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do PRTR, os documentos que conformen o expediente de contratación deberán dar cumprimento as obrigas esixidas aos entes xestores respecto das medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos que contan con financiamento comunitario, en concreto, incluír a referencia «Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», e incluír os seguintes logos: o emblema da Unión Europea, xunto co texto «Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU»; o logo correspondente ao PRTR dos restantes organismos, nacionais e autonómicos que de ser o caso, cofinancien as operacións, de acordo coas instrucións e normas de aplicación da imaxe de marca dos citados organismos, e coa normativa comunitaria en materia de comunicación.

Con carácter xeral, para as contratacións menores que celebre o GDR14 existirá un único criterio de adxudicación, o menor prezo, exceptuando os casos nos que concorran razón ou conveniencia da adxudicación atendendo a criterios de índole técnica, debendo en tal caso constar motivación de dita circunstancia no expediente.

En todo caso, co efecto da aplicación do citado criterio de adxudicación, de xeito previo ao inicio do expediente, solicitaranse canto menos tres ofertas a distintos provedores, que se incorporarán así

mesmo ao expediente como documentación complementaria, sen que resulte necesaria a súa publicación. No caso de existir imposibilidade para a solicitude de mais de unha oferta, deberá constar xustificación motivada de dita circunstancia no expediente.

En todo caso, considerarase o expediente completo coa incorporación da correspondente factura e da xustificación do seu pagamento.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes NIC entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Asamblea Xeral Extraordinaria do GDR14 e poderán ser modificadas, de conformidade co disposto nos Estatutos da entidade respecto da aprobación de modificación das normas e regulamentos de réxime interno, cando sexa procedente e, en especial, cando o seu contido quede afectado por modificacións e actualizacións da normativa que é de aplicación.